


Metadatos

Cando traballas con **arquivos informáticos** tes que ser consciente de que, ademais da información que podes ver no seu contido (texto, imaxes, táboas con datos...), os programas e mesmo o sistema operativo do teu equipo vanlles achegando **datos adicionais** que non están á vista.




Incluso hai operacións que poden traspasar estes datos adicionais dun documento a outro sen que te decates (como copiar elementos dun arquivo PDF a un documento de LibreOffice).



Estamos a falar dos **METADATOS**.

Entre os seus propósitos están axudar a **localizar, describir** ou **clasificar** os arquivos; así, o sistema pode ordenalos por data de creación ou modificación, amosar o autor, ou, no caso dunha fotografía, coñecer as súas coordenadas GPS.



Cando se **difunden** os teus arquivos (por exemplo pola súa publicación nunha páxina web ou ao envialos por correo electrónico), estes datos adicionais poden supoñer un problema de **privacidade** e mesmo de **seguridade**, porque proporcionan información que podería ser útil para a preparación dun **ciberataque** contra a túa contorna de traballo, pois tamén poden incluír nomes de usuario, direccións de correo electrónico, programas que utilizas, estrutura de cartafois...



Por iso, **xusto antes de difundir un arquivo**, especialmente cando non se sabe quen vai poder acceder a el, debes **comprobar** cales son os metadatos que leva asociados e, de estimalo conveniente, **eliminalos**.



Podes acceder ás instrucións para consultar ou eliminar os metadatos en arquivos ofimáticos na seguinte [ligazón](#).

Lembra que podes atopar máis información e consellos sobre ciberseguridade e protección de datos no portal ciberseguridadegalicia.gal



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



CIBER
SEGURIDADE
GALICIA



Financiado pola
Unión Europea
NextGenerationEU



Fondos Europeos